

RELATORES

Silvia Pérez Freire: Doutora en Socioloxía e investigadora social especializada en Violencia de Xénero desde hai 15 anos. Desde 2007 imparte docencia en Socioloxía na Universidade de Vigo e anteriormente coordinou durante 5 anos o equipo de servizos sociais dirixido á poboación en prostitución da Asociación feminista Alecrín en Galicia (de 2003 a 2008).

Actualmente traballa como socióloga elaborando proxectos sociais para ONG's, como investigadora freelancer para diversas universidades, administración pública e centros de estudos, así como formadora especializada en xénero. Pertence á Rede Iberoamericana de Investigación sobre Imaxinarios e Representacións (RIIR) e á Rede Galega contra a Trata. Froito deste traballo de investigación social publicou varios libros, guías, manuais e artigos.

Plácido López Franco: Inspector UCRIF da Policía de Estranxería. Inspector Policía Nacional .

Desde finais de 2017 e ata a actualidade é Xefe do Grupo Operativo da Unidade de Estranxería e Documentación de Tui-Valença do Minho. Anteriormente desempeñou os postos de:

Xefe de Grupo de Relacións Internacionais da UCRIF Central da Comisaría Xeral de Estranxería e Fronteiras (Madrid). Durante os anos 2015-2017: xefe de Grupo Operativo II (África) da Brigada Central contra a Trata de Seres Humanos da Comisaría Xeral de Estranxería e Fronteiras (Madrid) 2012-2015; xefe de Grupo Operativo da UCRIF da Comisaría Local da Policía Nacional de Vigo 2005-2011; inspector-investigador na UCRIF (Unidade Contra Redes de Inmigración e Falsidades Documentais) da Comisaría Local de Policía Nacional de Vigo 2003-2005.

Lidia Álvarez González: Psicóloga, G-4174 e psicoterapeuta especializada en violencia de xénero. Desempeña o seu labor profesional na Fundación Amaranta desde o ano 2006, entidade que articula a atención social a través de programas e proxectos dirixidos a mellorar as condicións de vida e promover a inclusión social de mulleres e adolescentes que se atopan en situación de distintas formas de explotación, violencia e exclusión. O seu labor céntrase no tratamento e intervención psicoterapéutica, así como na elaboración de informes e colaboración na creación de programas e proxectos e na participación no impulso e creación de actividades. É representante da entidade na Rede Galega contra a Trata. Participou como docente en diversas accións formativas sobre explotación sexual e violencia de xénero.

OBRADOIRO

SOBRE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Nome: _____

Tfno.: _____

Enderezo: _____

Cidade e C.P.: _____

Profesión: _____

E-mail: _____

Centro de traballo: _____

DNI/NIF: _____

Nº de colexiado/a: _____

¿Es socio/a da Sección de Psicoloxía Xurídica? Si Non

Solicita factura (achegar os datos fiscais)

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA Á ABANCA,
IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164

En cumprimento do Regulamento Europeo de Protección de Datos informámoslle que tratamos a información que vostede nos facilita e cumprimos coa normativa vixente en materia de protección de datos. O responsable do tratamento é Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con CIF Q1500265B, con domicilio en Rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago de Compostela, provincia da Coruña, con número de teléfono 981534049. A finalidade principal é manter as relacións que nos vinculan, en especial cumprimento das obrigas ás que vén sometida a organización debido á Lei de Colexios Profesionais e demais normativa vinculante, é dicir, exercicio competencias públicas, así como o consentimento, e o interese lexítimo tanto propio como da entidade.

Vostede ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, por tanto ten dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando os datos xa non sexan necesarios en calquera momento. En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso unicamente conserváremos para o exercicio ou a defensa de reclamacións, tamén poderán, por motivos relacionados coa súa situación particular opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos, ou o exercicio ou a defensa de posibles reclamacións, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que lle identifique dirixido a copgalicia@copgalicia.gal ou dirixíndose ás nosas dependencias. Unha vez cumprimentados os fins para os cales foron obtidos os datos, os mesmos serán destruídos conforme á normativa vixente. Informámoslle que a nosa Delegada de Protección de Datos é dona Cecilia Barros Díaz, con contacto no número de teléfono 981894601 e correo electrónico copgalicia@copgalicia.gal. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a nosa política de privacidade no taboleiro da entidade ou na páxina web www.copgalicia.gal.



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Espiñeira, 10-Baixo

15706 Santiago de Compostela

Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983

copgalicia@copgalicia.gal

www.copgalicia.gal



Colexio Oficial
de Psicoloxía
de Galicia

Boletín de inscrición

OBRADOIRO SOBRE TRATA DE SERES HUMANOS CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL

Relatores/as:

Silvia Pérez Freire
Plácido López Franco
Lidia Álvarez González

Organiza:

Sección de Psicoloxía Xurídica en
colaboración co Comisión Intersectorial
de Xénero

Coordinadoras:

M^a Filomena Garrido Blanco
Cristina García Núñez
Sandra Iglesias Rodríguez
María Alba Sousa González

DURACIÓN:

10 horas.

DATA:

Sábado, 15 de decembro de 2018.

LUGAR:

Aula 10 da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Vida, R/ Xosé María Suárez Núñez, s/n, 15782).

PRAZAS:

30.

HORARIO:

De 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas.

PREZOS:

Membros da Sección de Psicoloxía Xurídica	Gratuíto
Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego; Estudantes de 4º de Grao de Psicoloxía; de doutoramento e do Máster en Psicoloxía:	20,00 €
Psicólogos/as Colexiados/as:	40,00 €
Psicólogos/as non Colexiados/as:	80,00 €

INSCRICIÓN:

Directamente na sede do Colexio ou ben remitindo boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de Abanca.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

O obradoiro terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos Colexiados, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o obradoiro entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas Colexiadas. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non Colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: **5 de decembro de 2018.**

OBXECTIVO:

Proporcionar una visión socioxurídica do delito de trata con fins de explotación sexual. Analizar o *contínuum* entre trata, explotación sexual e prostitución.

Coñecer e valorar os distintos instrumentos e protocolos de actuación. Reflexionar sobre as dificultades policiais á hora de abordar a identificación das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Identificar os principais instrumentos para a detección e protección de vítimas de trata sexual. Coñecer os recursos existentes en Galicia. Presentar un modelo de informe de indicios de trata sexual. Afondar nas secuelas psicolóxicas que presentan as vítimas de TSH así como na súa avaliación e intervención.

METODOLOXÍA:

Clase expositiva, exemplificación e resolución de casos prácticos. Facilitarase ás persoas participantes material específico para un correcto seguimento do obradoiro e dos casos prácticos.

PROGRAMA:

09:00 - 12:10 horas

Marco internacional da trata de persoas e aplicación nos distintos estados membros. O *contínuum* trata-explotación-prostitución: por qué a resposta xudicial actual non é suficiente? O imaxinario social da trata e a prostitución: da hipervítima á puta viciosa.

12:10 -12:30 horas Pausa - café

12:30 – 14:00 e de 16:00-17:30 horas

Trata de seres humanos: instrumentos e protocolos de actuación. Identificación de vítimas de TSH: dificultades no ámbito policial.

17:30- 17:45 horas Pausa - café

17:45- 21:00 horas

Claves para a detección de vítimas de TSH e modelo de informe. Recursos existentes en Galicia para a atención a vítimas de TSH. A vítima de trata: a súa situación psicosocial: factores a ter en conta. Impacto na saúde física, sexual, social e psicolóxica. Análise de caso práctico: memoria e relato da vítima. Estratexias de avaliación e intervención en mulleres vítimas de TSH.

